

LOURDES NOYA FERREIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,



CERTIFICA: antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na súa sesión do 21 de febreiro de 2014, aprobou o Protocolo de Validacións e Recoñecementos, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela a 6 de marzo de 2014, co visto e prace do sr. reitor.

Vº e prace

O reitor

Juan J. Casares Long



## PROTOCOLO DE RECOÑECIMENTOS

Despois dunha análise dos datos extraídos do sistema de xestión de calidade da área académica da USC así como das recomendacións do Valedor da Comunidade Universitaria, se conclúe que en determinados procedementos de recoñecemento de materias existe un importante retraso na resolución dos expedientes, o que ocasiona graves prexuízos para o alumnado.

Este tema foi abordado pola Comisión Xeral de Validacións e Recoñecementos que encargou a un grupo de traballo dentro do seu seno, unha análise da situación e a proposta de solucións para intentar atallar ese retraso.

Estas recomendacións son as que se plasman neste documento e pretenden axilizar a resolución dos expedientes de recoñecemento aos efectos de mellorar a xestión universitaria da USC, establecendo un novo Protocolo de actuación que substitúa o aprobado polo Consello de Goberno do 24 de abril de 2006.

Por todo o anterior, o Consello de Goberno do 21 de febreiro de 2014, acordou aprobar o seguinte **PROTOCOLO DE RECOÑECIMENTOS**

### **ARTIGO 1.- Recoñecemento de estudos estranxeiros para o acceso a titulacións de grao**

1.- Para axilizar os procesos de resposta aos pedimentos de validación de estudos estranxeiros preveranse novos prazos de presentación de solicitudes. En concreto ditas solicitudes de recoñecemento de estudos estranxeiros para o acceso a titulacións de grao, realizaranse entre os meses de xaneiro e febreiro do curso anterior ao que se pretendan iniciar os estudos. A concreción dos prazos determinarase por Resolución Reitoral ou na Convocatoria de matrícula.

2.- Os estudos que se terán en conta para a valoración dos expedientes serán todos os realizados polo alumnado ata o remate do primeiro semestre e así figuren na certificación académica que aporte.

3.- Contarase cun novo modelo de solicitude no que obrigatoriamente o alumno fará constar:

a) O número de materias e créditos superados na universidade de orixe.

b) As materias que desexa que se lle recoñezan na USC, indicando as materias concretas do plan de estudos da USC das que solicita o recoñecemento.

Esta petición de equivalencia será vinculante e non será posible admitir unha solicitude sen a proposta de equivalencia do alumno. O modelo de solicitude, que será aprobado pola Secretaría Xeral, estará dispoñible en formato papel e na Sede Electrónica da USC.

4.- Cos pedimentos de recoñecementos parciais de estudos estranxeiros deberá aportarse:

a) Os programas de todas as materias que figuren superadas.

b) A carga lectiva das materias e o sistema de cualificacións de procedencia.

Coa solicitude achegarase a documentación suficientemente acreditativa, aceptándose a tal efecto certificacións simples non necesariamente legalizadas. Informarase ao estudante que deberá a aportar a documentación debidamente legalizada no caso de ser admitido ou no momento de formalizar a matrícula.

5.- A xestión das solicitudes realizarase polas Unidade de Xestión Académica que velarán porque a documentación que se entregue estea completa, remitindo, con carácter de urxencia, os expedientes ao Centro para o seu informe.

6.- O proceso de avaliación das solicitudes polos Centros comprenderá unha dobre fase:

a) Unha fase inicial de preselección, na que se poderán inadmitir a aqueles alumnos que en función do número de solicitantes e dos créditos superados por estes, teñan moi poucos créditos superados polo que en ningún caso van a poder ser obxecto de selección. Os Centros mediante Resolución decanal ou por acordo do Presidente da Comisión con competencias en materia de recoñecementos, publicarán a listaxe de excluídos nesta primeira fase, indicando os criterios obxectivos utilizados. Contra esta

resolución ou acordo poderá presentarse recurso de alzada perante o Reitor.

b) Efectuada a preselección realizarase unha segunda fase na que se establecerán os recoñecementos de estudos estranxeiros proponendo como admitidos aos alumnos que teña un maior número de créditos recoñecidos, e elaborando unha lista de agarda do triplo da cota de prazas.

Enviada a proposta á UXA, procederase a ditar a resolución reitoral de recoñecemento e admisión.

7.- Os centros deberán elaborar táboas de recoñecemento entre as titulacións que habitualmente solicitan o recoñecemento de estudos estranxeiros. Estas táboas aprobaranse polo Servizo de Xestión da Oferta e Planificación Académica e serán difundidas ao alumnado. As solicitudes sobre as que xa exista táboa de recoñecemento se aprobarán directamente sen informe do Centro. Anualmente ao inicio do curso académico ou noutros períodos no caso de detectar un cambio no plan de estudos de orixe ou de destino, actualizarase a táboa de recoñecemento.

## **ARTIGO 2.- Recoñecemento de estudos do Sistema Universitario Español**

1.- Para resolver o recoñecemento de estudos no Sistema Universitario español, os centros deberán elaborar táboas de recoñecemento entre as titulacións que habitualmente solicitan dito recoñecemento de estudos. Estas táboas aprobaranse polo Servizo de Xestión da Oferta e Planificación Académica e serán difundidas ao alumnado. As solicitudes sobre as que xa exista táboa de recoñecemento se aprobaranse directamente sen informe do Centro. Anualmente, ao inicio do curso académico ou noutros períodos no caso de detectar un cambio no plan de estudos de orixe ou de destino, actualizarase a táboa de recoñecemento.

As solicitudes de recoñecemento nas que haxa información suficiente para a resolución mediante a existencia de táboas, resolveranse dentro do mes seguinte ao remate do prazo de presentación de solicitudes ou dende a petición individual no caso de non existir un prazo concreto.

2.- Nos supostos nos que non se dispoña de táboas de recoñecemento ou de información suficiente para a resolución, solicitarase o preceptivo informe do centro que deberá emitirse no prazo máximo dos vinte días seguintes dende a solicitude.

3.- As solicitudes de recoñecemento de estudos do Sistema Universitario español, realizaranse conforme estableza a convocatoria de matrícula. Contarase cun novo modelo de solicitude no que obrigatoriamente o alumno fará constar:

- a) O número de créditos superados.
- b) As materias de formación básica superadas, indicando a rama de coñecemento.
- c) As materias cursadas na universidade de orixe, e cales son as que desexa que se lle recoñezan na USC.

4.- O alumnado deberá presentar a documentación estritamente imprescindible para a resolución do expediente, sen prexuízo de pedir a documentación necesaria durante a tramitación do mesmo ao abeiro do art. 71 da LRXAP-PAC.

5.- Nas resolucións de recoñecemento daráselle ao alumno novo prazo de dez días para a formalización ou modificación da súa matrícula naquelas materias que non lle foran recoñecidas, sen que se poidan anular materias non relacionadas coa petición de validación ou materias xa impartidas e avaliadas.

### **ARTIGO 3. Actuación dos centros**

1.- Os centros emitirán os seus informes dentro dos vinte días seguintes a recepción das peticións. Este prazo ampliarase a 30 días nos casos en que o número de expedientes a informar supere os 50.

2.- Para estes efectos, os centros terán prevista a actuación das comisións de validacións nos períodos posteriores ao remate do prazo establecido para a solicitude de recoñecementos.

3.- Cando resulte necesario recabar informe ao profesorado ou departamento, a petición se realizará por correo electrónico, debendo darlle resposta por escrito no prazo máximo de sete días.

4.- Se algún dos informes non puidera ser evacuado nos prazos correspondentes por estar pendente do informe dalgún profesor ou departamento, todos os demais deberán ser remitidos dentro do prazo, facendo constar a dita circunstancia.

5.- No caso de que as comisións necesiten coñecer os programas dalgunha materia impartida na USC deberán solicitalo ao centro ou departamento correspondente a través das Unidades de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos.

6.- Os centros manterán bases de datos que lles permitan aplicar criterios uniformes, evitando solicitar programas ou documentación innecesaria.

7.- Os centros deberán emitir informe razoado sobre a denegación dos recoñecementos. No caso de propoñer o recoñecemento deberá especificarse a nota cuantitativa e cualitativa outorgada. Para o recoñecemento deberá aplicarse a Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos para titulacións adaptadas ao espazo europeo de educación superior aprobada en Consello de goberno do 14 de marzo de 2008 ou normativa que a substitúa ou desenvolva.

8.- O incumprimento dos prazos establecidos e o conseguente retraso na tramitación deste proceso pode dar lugar a unha avaliación negativa no sistema de xestión de calidade

#### **ARTIGO 4.- Actuación das Unidades de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos**

Os xefes das Unidades de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos serán os encargados da coordinación deste procedemento nos centros, facilitando e controlando a convocatoria das comisións técnicas, a transcripción dos seus acordos e a remisión dos informes, así como de solucionar as incidencias detectadas. Tamén serán o órgano de relación coas UUXA ou co Servizo de Xestión Académica.

#### **ARTIGO 5.- Actuación do Servizo de Xestión Académica e das UUXA**

1.- O Servizo de Xestión Académica velará pola simplificación administrativa dos procedementos e no seu caso propondrá unha modificación dos mesmos, así como polo cumprimento dos prazos establecidos. Así mesmo darase conta das incidencias a través do sistema de xestión de calidade e a avaliación de provedores.

2.- As Unidades de Xestión Académica considerarán prioritaria a tramitación e resolución dos recoñecementos. A xestión de expedientes realizarse a través da plataforma de seguimento de expedientes aos efectos de que o alumnado dispoña da información sobre o estado de tramitación do seu expediente.

#### **ARTIGO 6.- Sistema de seguimento**

O sistema de seguimento deste protocolo esixe, como medida de apoio para á mellora do procedemento, a convocatoria reunións coas Unidades de Apoio á

Xestión de Centros e Departamentos (sobre os que debe pilotar o control das resolucións das comisións académicas) e de ser o caso cos decanos ou directores e/ou secretarios de centros. Nestas reunións analizarase a importancia das resolucións rápidas e academicamente ben fundadas que eviten resolucións revogatorias posteriores, así como a busca da homoxeneidade na resolución dos recoñecementos.

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA. Prazos para recoñecemento de estudos estranxeiros no curso 2014-15**

As solicitudes de recoñecemento de estudos estranxeiros para o acceso ao curso 2014-15 realizaranse no mes de marzo de 2014, previa convocatoria e fixación do modelo de solicitude.

**DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Quedan derrogadas todas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao contido do presente Protocolo. O Protocolo aprobado polo Consello de Goberno do 24 de abril de 2006 para as titulación adaptadas ao EEES, seguirá sendo de aplicación para titulacións anteriores.

**DISPOSICIÓN FINAL**

O presente acordo entrará en vigor na data de publicación no taboleiro de anuncios electrónico oficial da USC.